

## Contas de distribución da renda dos fogares por concellos.

Serie 2000-2008

### NOTA DE PRENSA

---

#### Principais resultados

- En 2008 os fogares galegos tiveron unha renda dispoñible por habitante de 14.676 euros, o 95% da media española.
- No período 2000-2008 o crecemento medio anual da renda dispoñible por habitante é do 6,3%, 1,2 puntos superior ao dato de España.
- A Coruña é a provincia con maior renda dispoñible por habitante, seguida de Lugo, Pontevedra e Ourense. Este aspecto está condicionado pola evolución e estrutura da poboación que a súa vez determina a estrutura da renda dispoñible.
- Oleiros é o concello con maior renda por habitante, seguido de Santiago de Compostela, A Coruña, Teo, Lugo e Ourense.
- Pereiro de Aguiar e Ames encabezan o crecemento da renda dispoñible total no período.
- A porcentaxe das prestacións sociais no total da renda dispoñible bruta do sector fogares é do 24,3% en Galicia.
- As cotizacións pagadas polos fogares representan o 85% das prestacións sociais cobradas.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica a serie 2000-2008 en base 2005, correspondente ás contas de renda dos fogares galegos e a súa distribución territorial.

A incorporación de novas fontes de información e métodos de estimación, en especial no tratamento das Outras transferencias correntes, levou a estimar e publicar unha serie homoxénea desde o ano 2000, que se actualizará anualmente de acordo co calendario de publicacións do IGE.


#### **En 2008 os fogares galegos tiveron unha renda dispoñible por habitante de 14.676 euros**

A renda dispoñible por habitante (RBDpc) dos fogares galegos representa o 95,1% da media do Estado, case oito puntos máis que no ano 2000. Esta evolución ven derivada do estancamento da poboación galega cunha taxa media anual de crecemento do 0,3% fronte ao 1,6% de España.


A provincia con maior renda por habitante é A Coruña con 15.418 €, seguida de Lugo (14.723 €), Pontevedra (14.154 €) e Ourense (13.591 €).

No período 2000-2008, a renda dispoñible total en Galicia crece a unha taxa media anual do 6,3%. Por provincias, este saldo contable medra a maior ritmo na Coruña e Pontevedra, cun 6,7 e 6,6% respectivamente; a taxa media en Lugo é do 6,3% mentres que en Ourense é do 5,8%. En termos per cápita, é Lugo a provincia que presenta un maior crecemento medio anual (6,6%), seguido da Coruña (6,3%), Ourense (6,1%) e Pontevedra (6,0%). A perda de poboación nas provincias de Lugo e Ourense (0,3% anual) fronte ao maior dinamismo poboacional de Pontevedra (0,6% anual) e A Coruña (0,4%) determinan o panorama da distribución da renda dos fogares nas provincias galegas neste período.

**Crecedemento medio anual (%) da renda dispoñible bruta por habitante. Período 2000-2008.**



A provincia da Coruña é a única que se sitúa por encima da media galega da renda dispoñible bruta por habitante en todos os anos do período 2000-2008. Lugo presenta un índice similar ao do conxunto de Galicia, mentres que Pontevedra é lixeiramente inferior e Ourense é a provincia con menor renda por habitante. Se temos en conta o saldo das rendas primarias por habitante - as derivadas da participación directa dos fogares no proceso de produción e as rendas da propiedade-, de novo A Coruña é a provincia que ten un mellor comportamento, seguida de Pontevedra, que se sitúa por encima da media en todos os anos agás 2007 e 2008. Lugo e Ourense estarían por debaixo da media galega en todos os anos do período.



No que se refire á estrutura da renda dispoñible bruta, a remuneración de asalariados e a partida cuantitativamente máis importante, xa que representa dous terzos da mesma. As rendas mixtas supoñen unha cuarta parte da renda, mentres que o excedente de explotación bruto e o saldo das rendas da propiedade están próximas ao 6%. Isto supón que o saldo das rendas primarias é lixeiramente superior (3,4%) á renda dispoñible bruta, o que implica que nas operacións de distribución da renda, os recursos (prestacións sociais e outras transferencias correntes recibidas) son inferiores aos empregos (impostos correntes sobre a renda e patrimonio, cotizacións sociais e outras transferencias correntes pagadas).

#### Estrutura da renda dispoñible bruta (%)

| Operacións e saldos contables                        | 2000         | 2005         | 2008 (P)     | Promedio 2000-2008 |
|--|--------------|--------------|--------------|--------------------|
| Excedente de explotación bruto                       | 5,8          | 5,9          | 5,9          | 5,9                |
| Renda mixta  | 22,3         | 25,2         | 24,7         | 24,4               |
| Remuneración dos asalariados                         | 66,1         | 66,7         | 69,3         | 67,4               |
| Rendas da propiedade                                 | 6,4          | 5,9          | 4,9          | 5,7                |
| <i>Saldo das rendas primarias bruto</i>              | <i>100,7</i> | <i>103,8</i> | <i>104,7</i> | <i>103,4</i>       |
| Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc. | -7,3         | -8,8         | -9,6         | -8,7               |
| Cotización sociais                                   | -19,4        | -20,2        | -20,7        | -20,2              |
| Prestacións sociais                                  | 24,1         | 23,9         | 24,3         | 23,9               |
| Outras transferencias correntes                      | 2,0          | 1,3          | 1,4          | 1,6                |
| <i>Renda dispoñible bruta</i>                        | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> | <i>100,0</i>       |

Hai que ter en conta que esta estrutura é significativamente distinta por provincias. Así, as rendas primarias superan a renda dispoñible en Pontevedra (6,9%) e na Coruña (5,6%), aspecto derivado do maior peso relativo da remuneración de asalariados, en especial na provincia de Pontevedra. Pola contra, Lugo e Ourense teñen maior renda dispoñible bruta que

saldo de rendas primarias como consecuencia da maior importancia relativa das prestacións sociais e menor dos impostos correntes e as cotizacións sociais. A provincia de Ourense é a que presenta o maior peso das prestacións sociais e das outras transferencias correntes na renda dispoñible.


### Estrutura da renda dispoñible bruta (%). Galicia e provincias. Promedio 2000-2008.

| Operacións e saldos contables                       | Galicia      | A Coruña     | Lugo         | Ourense      | Pontevedra   |
|---|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Excedente de explotación bruto                      | 5,9          | 5,6          | 5,4          | 6,2          | <b>6,4</b>   |
| Renda mixta   | 24,4         | 24,8         | 29,9         | 21,4         | 22,8         |
| Remuneración dos asalariados                        | 67,4         | 69,6         | 54,4         | 58,4         | <b>72,9</b>  |
| Rendas da propiedade                                | 5,7          | 5,6          | 6,4          | <b>7,6</b>   | 4,8          |
| <i>Saldo das rendas primarias bruto</i>             | <i>103,4</i> | <i>105,6</i> | <i>96,2</i>  | <i>93,6</i>  | <i>106,9</i> |
| Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc | -8,7         | <b>-9,6</b>  | -6,9         | -7,1         | -8,7         |
| Cotización sociais                                  | -20,2        | -20,6        | -17,0        | -17,9        | <b>-21,7</b> |
| Prestacións sociais                                 | 23,9         | 23,1         | 26,5         | <b>27,7</b>  | 22,5         |
| Outras transferencias correntes                     | 1,6          | 1,5          | 1,2          | <b>3,7</b>   | 1,0          |
| <i>Renda dispoñible bruta</i>                       | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> | <i>100,0</i> |

### O concello de Oleiros ten a maior renda por habitante no ano 2008

Oleiros, cunha renda por habitante de 19.382 euros, é o concello cunha maior renda por habitante no ano 2008. Supera nun 32% á renda dispoñible bruta por habitante media de Galicia (14.676 euros). Ademais de Oleiros, no ano 2008, temos outros catro concellos que superan nun 20% ou máis a renda media de Galicia, son Santiago de Compostela (27%), A Coruña (24%), Teo (23%) e Lugo (20%).

### Renda Dispoñible Bruta por habitante. Ano 2008. Índice sobre a media. Galicia = 100




Pola contra, hai vinte e seis concellos cunha renda por habitante que non chega aos dous terzos da media galega. Distribúense por provincias do seguinte modo:

- A Coruña: Toques
- Lugo: Negueira de Muñiz
- Ourense: Beade, Carballeda de Avia, Os Blancos, Sarreaus, Monterrei, Vilamarín, Castrelo do Val, Muíños, A Peroxa, Pontedeza, Oímbra, Trasmiras, Padrenda, Porqueira e Parada de Sil
- Pontevedra: As Neves, Ponte Caldelas, Dozón, Arbo, Crecente, Fornelos de Montes, Cerdedo, Covelo e A Lama

### **Pereiro de Aguiar e Ames encabezan os datos de crecemento da renda dispoñible bruta total no período 2000 a 2008**

A Renda dispoñible bruta total do sector fogares en Galicia medrou dende o ano 2000 ao ano 2008 a un ritmo do 6,5% anual, mentres que en España medrou a un ritmo superior (6,8%).

### **Renda Dispoñible Bruta. Taxa de crecemento medio anual acumulativo. Período 2000-2008**



Este crecemento do conxunto de Galicia oculta unha evolución moi dispar por concellos. Pereiro de Aguiar e Ames encabezan os datos de crecemento da renda dispoñible bruta total con porcentaxes que superan o 10% (10,6 e 10,1 respectivamente). Hai 81 concellos nos que a taxa de crecemento da renda supera ao dato nacional. A meirande parte deles están na provincia de Pontevedra e A Coruña. Detéctanse determinadas zonas nas que o crecemento da renda dispoñible bruta é elevada:

- Concellos da contorna de A Coruña, como por exemplo Culleredo, Ares, Sada, Miño e Arteixo, todos eles con crecementos superiores ao 8% de media anual.
- Concellos da contorna de Santiago de Compostela: o citado Ames, ademais de Teo, Oroso, Brión e Ordes, tamén con crecementos superiores ao 8% anual.
- Concellos das Rías Baixas: Ribadumia, Poio, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados
- Concellos da zona de influencia de Vigo: Salceda de Caselas, Soutomaior, Mondariz-Balneario, Gondomar, Tomiño ou Salvaterra do Miño, presentan unha evolución moi favorable no período 2000-2008.

Nas provincias de Lugo e Ourense atópanse menos exemplos de crecemento elevado da renda. En Ourense destacan os concellos de Pereiro de Aguiar e Barbadás, concello que medra a un ritmo próximo ao 9% anual. En Lugo, o concello de Meira e o de Ribadeo son os concellos da provincia nos que se ten detectado unha mellor evolución da renda.

Os concellos con peor comportamento no período están nestas dúas provincias.

### **O comportamento demográfico condiciona unha análise en termos per cápita**

A evolución da poboación condiciona calquera análise da renda por habitante que se afronte. A evolución da renda dispoñible bruta por habitante depende da evolución da renda dispoñible bruta, analizada anteriormente, e do comportamento da poboación.

Os concellos que presentan un maior crecemento da renda por habitante son Agolada, cunha taxa de crecemento medio do 11,1% anual, e Rodeiro cunha taxa de crecemento do 10,3% anual. Porén, estes concellos presentan unha evolución da poboación moi negativa, Agolada perdeu 1.200 habitantes no período 2000-2008 (o que equivale a un decrecemento medio anual do 4%), mentres Rodeiro perdeu 1.163 habitantes (decrecemento do 3,8% anual). En termos de renda dispoñible bruta total, Agolada medrou un 6,6% e Rodeiro un 6%.


No extremo oposto teríamos concellos que presentan unha evolución demográfica moi positiva e un crecemento por habitante moito máis modesto. Este é o caso de Ames que, cun crecemento medio da renda total do 10,1%, tan só medra a un ritmo do 4,3% anual se analizamos os datos por habitante. Isto é debido a una evolución demográfica moi positiva (a súa poboación medrou a unha media do 5,5% anual, cando a poboación de Galicia o facía ao 0,3% anual)

### Unha tipoloxía de concellos baseada no seu nivel de renda e no seu comportamento demográfico

Presentamos unha tipoloxía dos concellos galegos baseada no seu nivel de renda con respecto á media galega, e na evolución da súa poboación. Distinguimos catro grupos de concellos no ámbito temporal 2000-2008:

1. Concellos cunha renda por habitante superior á media galega e nos que a poboación ten medrado no período.
2. Concellos cunha renda por habitante superior á media galega pero cunha diminución da poboación.
3. Concellos cunha renda por habitante inferior á media galega pero no que a poboación medrou.
4. Concellos nos que a renda por habitante é inferior á media galega e ademais presenta unha evolución demográfica negativa.

### Tipoloxía de concellos baseado no nivel de renda e na evolución demográfica



Dentro desta tipoloxía cómpre destacar o primeiro grupo de concellos, aqueles nos que, ademais de ter unha boa posición relativa en termos de renda por habitante con respecto á media de Galicia, presentan incrementos de poboación. Un total de vinte e catro concellos están nesta situación:

- Provincia de A Coruña: Ames, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Cambre, A Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada, Santiago de Compostela e Teo
- Provincia de Lugo: Foz, Lugo, Ribadeo, Sarria, Viveiro e Burela
- Provincia de Ourense: Barco de Valdeorras
- Provincia de Pontevedra: O Grove, Nigrán, Pontevedra, Poio, Vigo e A Illa de Arousa

Ourense é a única capital de provincia que non está neste grupo de concellos debido a un lixeiro descenso da poboación no período considerado.

Outro grupo a destacar sería o de aqueles concellos que, pese a ter un nivel de renda máis baixo (por estar por debaixo da media da Comunidade Autónoma), gañaron poboación. Neste grupo destacan á súa vez os concellos situados nas áreas de influencia, cada vez maiores, de Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ourense.

### **A maioría dos concellos galegos teñen como principal fonte de renda a remuneración de asalariados**


No ano 2008 un 74% dos concellos galegos teñen como principal fonte de renda os ingresos derivados do traballo asalariado. Nun 9% dos concellos a renda mixta, é dicir, os ingresos do traballo por conta propia, son a principal fonte de renda. A maior parte destes concellos están situados na provincia de Lugo. As prestacións sociais son a principal fonte de renda dun 17% dos concellos galegos. En Avión e Beariz, a principal fonte de renda son as “outras transferencias correntes”, que inclúen outro tipo de ingresos que non proceden do traballo, nin de prestacións sociais, en particular inclúe ingresos procedentes doutros fogares do exterior.

Os concellos cuxa principal fonte de renda son as prestacións sociais reducíronse se comparamos o ano 2008 co inicial da serie, o ano 2000. No ano 2000 en Galicia 79 concellos tiñan como principal fonte de renda as prestacións sociais, número que diminúe ata os 52 no ano 2008. Destes 52 concellos 38 están situados na provincia de Ourense, 12 na provincia de Lugo, un na provincia da Coruña e outro na provincia de Pontevedra.

A forte presenza das prestacións sociais dentro da renda dos fogares ourensáns reflíctese en que en dúas comarcas, Baixa Limia e Terra de Caldelas, esta sexa a principal fonte de renda.



## Principal fonte de renda nos concellos galegos. Ano 2008




### A porcentaxe das prestacións sociais no total da renda dispoñible bruta do sector fogares é do 24,3% en Galicia

No ano 2008 as prestacións sociais recibidas polo sector fogares de Galicia representan un 24,3% da súa renda dispoñible bruta. En España esta porcentaxe é do 20%. Por provincias as porcentaxes van do 23,4% en A Coruña, o 26,4% de Lugo, o 27,7% de Ourense e 23,5% de Pontevedra.

A meirande parte dos concellos galegos sitúanse por riba da media da comunidade. Cómpre destacar os concellos que presentan un peso das prestacións sociais sobre a renda bruta inferior ao dato nacional, que é do 20%. Tan só 15 concellos melloran o dato estatal: Nigrán, O Grove, Poio, Brión, Cambados, Sanxenxo, Santiago de Compostela, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Oroso, Teo, A Illa de Arousa e Ames.

No outro extremo sitúanse noventa e seis concellos nos que as prestacións sociais representan máis dun terzo da súa renda dispoñible bruta. Deles, catro da provincia de A Coruña, vinte e dous son da provincia de Lugo, sesenta e dous están na provincia de Ourense e oito pertencen á provincia de Pontevedra.

## Peso das prestacións sociais sobre a renda dispoñible bruta. Ano 2008




### As cotizacións pagadas polo sector fogares de Galicia non cobren o volume de prestacións cobradas

A relación entre cotizacións sociais e prestacións sociais indícanos en que contía as prestacións cobradas en cada concello estarían cubertas polas cotizacións sociais pagadas polos fogares do dito concello. Esta relación (o cociente entre cotizacións sociais e prestacións sociais) é no ano 2008 de 85, isto é, as cotizacións sociais pagadas polos fogares en Galicia representan o 85% das prestacións sociais percibidas polos fogares galegos. En España, este indicador toma valor 111 no ano 2008.

Esta porcentaxe é moi variable concello a concello, e incluso entre provincias. En A Coruña é do 90%, en Lugo do 68%, en Ourense do 67% e en Pontevedra do 94%.

Por concellos destaca Ames, cun valor do 185%, e no outro extremo teriamos a Avión e Beariz, con porcentaxes do 18%.

## Cociente cotizacións sociais sobre prestacións sociais. Ano 2008



### O saldo de rendas primarias de Galicia é un 5% superior á renda dispoñible bruta do sector fogares no ano 2008

O saldo de rendas primarias é unha magnitude que mide a capacidade do sector fogares para xerar rendas, xa sexa do seu traballo por conta propia (renda mixta), do traballo por conta allea (remuneración de asalariados) ou ben as rendas derivadas da propiedade dun activo (rendas da propiedade), sen a intervención do sector público na fase de distribución de rendas (pagamentos de impostos e cotizacións sociais e cobro de prestacións sociais).


Na análise por concellos detéctanse varias zonas con concellos de renda primaria superior á media de Galicia, é dicir a súa capacidade para xerar rendas sen a intervención do Estado estaría por riba da media:

- Zona de A Coruña: Oleiros, Culleredo, Sada, Bergondo, Cambre, Arteixo e A Coruña
- Zona de Pontevedra: Poio, Sanxenxo, O Grove e Pontevedra
- Zona de Ferrol-As Pontes: As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Betanzos, Pontedeume, Miño, A Capela e Ferrol
- Zona da Mariña Lucense: Ribadeo, Burela, Cervo e Foz

- Zona de Santiago: Teo, Ames, Oroso, Brión e Santiago de Compostela
- Zona de Vigo: Nigrán, Gondomar, Baiona e Vigo

Outros concellos cunha renda primaria superior á media galega, pero que non están emprazados nas zonas anteriormente descritas son: Corcubión, A Illa de Arousa, Meira, O Barco de Valdeorras, Ourense e Lugo.

### Saldo de rendas primarias por habitante. Ano 2008. Índice sobre a media. Galicia = 100



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>